

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES RIBEIRA DO LOURO

CURSO: 1º BACHARELATO

MATERIA: Historia do Mundo Contemporáneo

DEPARTAMENTO: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.
B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas ideoloxías.	HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e Liberalismo de comezos do século XIX.
B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.	HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións Industriais.
B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.
B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.
B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.
B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas das etapas da independencia.	HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.
B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.
B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónas coas súas consecuencias.
B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.
B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.
B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.
B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.
B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.
B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como una consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.
B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.
B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.
B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.
B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.
B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.	HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.

1. Avaliación e cualificación	
	<p style="text-align: center;">Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os relacionados coa localización, periodización e comprensión de conceptos. • A relación entre fenómenos. • Os que reflicten ou valoren a expresión do alumnado, a comprensión de mensaxes, a utilización crítica das fontes de información o seu alcance, a adaptación o seu vocabulario do aprendido. • Desenvolvemento de diferentes habilidades (esquematizar, confeccionar croquis ou mapas conceptuais, resumir...) <p style="text-align: center;"><u>Instrumentos utilizados no terceiro trimestre</u></p> <p>Actividades escritas e orais utilizando as ferramentas de GSuite, incluídas a teledocencia, valorando os procedementos descritos anteriormente segundo a rúbrica *Anexo 1</p> <p><u>O alumnado con avaliacións suspensas</u> completarán uns formularios e realizarán un comentario de texto de cada un dos temas tratados nas dúas primeiras avaliacións. Valorarase este traballo mediante a*rúbrica Anexo 2</p> <p>De recuperar as clases presenciais faríanse exames de recuperación e exames para subir nota no caso do alumnado con as dúas avaliacións aprobadas.</p>
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Alumnado con as dúas avaliacións aprobadas:</u> media aritmética máis ata 1,5 puntos, polo traballo desenvolvido durante o terceiro trimestre. • <u>Alumnado con as dúas avaliacións suspensas ou soamente coa segunda:</u> ata 1,5 puntos polas actividades realizadas nos dous primeiros trimestres; ata 7 puntos polas tarefas de recuperación; ata 1,5 puntos polo traballo desenvolvido no terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Imprescindible presentar aqueles traballos que foron obrigatorios durante o curso. Ata 1,5 puntos.</p> <p>Exame: entrarán soamente os contidos desenvolvidos durante as clases presenciais. Ata 8,5 puntos.</p> <p>As cuestións desta proba elaboraranse seguindo o mesmo esquema de formulacións xa coñecido polo alumnado e seguindo os criterios de avaliación imprescindibles.</p> <p>De no ser posible o exame, se cualificará a entrega das tarefas deseñadas para xuño, correspondentes aos dous primeiros trimestres. Se cualificarán seguindo a rúbrica *Anexo 2.</p>

*ANEXO 1

RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019-2020

As tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución. Deste xeito, O alumnado poderá incrementar a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 0,75 puntos dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outros 0,75 máis dependendo do grao de consecución das mesmas.

TAREFAS ASIGNADAS		GRADO DE CONSECUCIÓN	
Entregou o 100% das tarefas asignadas no prazo establecido	0,75	Acadou un grao de consecución moi satisfactorio nas tarefas asignadas.	0,75
Entregou o 75% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0,57	Acadou un grao de consecución satisfactorio .	0,57
Entregou o 50% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0,38	Acadou os estándares de aprendizaxe imprescindibles .	0,38
Entregou o 25% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0,20	Non acadou o total dos estándares de aprendizaxe imprescindibles.	0,20
Non entregou as tarefas asignadas.	0	Non acadou os estándares de aprendizaxe imprescindibles.	0

*Anexo 2

RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DAS TAREFAS DE RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

As tarefas realizadas para recuperar as avaliacións suspensas serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución. Deste xeito, alumnado poderá acadar ata 3,5 puntos dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outros 3,5 puntos máis dependendo do grao de consecución das mesmas.

TAREFAS ASIGNADAS		GRADO DE CONSECUCIÓN	
Entregou o 100% das tarefas asignadas no prazo establecido	3,50	Acadou un grao de consecución moi satisfactorio nas tarefas asignadas.	3,50
Entregou o 75% das tarefas asignadas no prazo establecido.	2,63	Acadou un grao de consecución satisfactorio .	2.63
Entregou o 50% das tarefas asignadas no prazo establecido.	1,75	Acadou os estándares de aprendizaxe imprescindibles .	1,75
Entregou o 25% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0,86	Non acadou o total dos estándares de aprendizaxe imprescindibles.	0,86
Non entregou as tarefas asignadas.	0	Non acadou os estándares de aprendizaxe imprescindibles.	0

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Desenvolveranse contidos de ampliación con todo o alumnado, especialmente cos aprobados das dúas primeiras avaliacións traballando contidos mínimos e as competencias imprescindibles das ciencias sociais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • competencia en comunicación lingüística (CCL) • competencias sociais e cívicas (CSC) • competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC). <p>Estes contidos abrangerán dende a Revolución Rusa á Guerra Fría. Realización de exercicios na casa e nas horas de teledocencia, explicacións correccións e aclaración de dúbidas. O alumnado con avaliacións suspensas se lle reforza con exercicios e aclaracións personalizadas do temario das dúas primeiras avaliacións. Realización de actividades para recuperar as avaliacións suspensas seguindo os criterios de avaliación descritos neste documento.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado conectado utilizando as ferramentas de GSuite: teledocencia,classroom, na súa maioría.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto impreso e formato dixital Contidos da aula virtual do IES Ribeira do Louro. Enlaces a páxinas web e enlaces a vídeos</p>

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Publicación no classroom do presente documento.
Publicidade	Páxina web do centro.